



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2013**

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día dez de xaneiro do ano dous mil trece, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D<sup>a</sup>. Carmen M<sup>a</sup> Castro González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago
- D<sup>a</sup>. Rosa M<sup>a</sup> Pazos Lomba
- D. Javier González Verde
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D<sup>a</sup>. Hortensia García Díaz
- D<sup>a</sup>. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

#### **PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2011.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

#### **“PROPUESTA DE LA ALCALDIA**

**Unha vez exposta a conta Xeral do ano 2011 ó público por prazo de 15 días, durante os cuales e 8 máis, non foron presentadas reclamacións, reparos ou observacións contra a mesma, a Conta Xeral sométese ó Plano da Corporación para ser aprobada e así ser rendida ó Consello de Contas, tal e como se preceptúa no artigo 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais ( Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo ).**

**A Guarda a 4 de Xaneiro de 2013**

**O ALCALDE,  
Asdo: José Manuel Domínguez Freitas”**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén a señora Magallanes Álvarez e explica que durante o ano pasado non se cubriu a baixa da interventora, e a primeira actuación do novo interventor foi formar e informar a Conta Xeral, en data 6 de novembro. Despois, o 7 de novembro, foi convocada a Comisión de Contas, dando traslado da Conta ós grupos durante 15 días, celebrándose a Comisión o 26 de novembro. No BOP de 4 de decembro saíu publicado o anuncio de exposición ó público, de 15 máis 8 días, rematando o prazo o 4 de xaneiro, e sendo convocado o pleno o día 7 de xaneiro. Di que a Conta Xeral en formato PDF xa foi remitida ó Consello de Contas coa indicación de que faltaba este trámite de aprobación plenaria.

A señora Estévez Álvarez di que se presentou unha impugnación ás Contas do Padroado, que entenden que se inclúen na Conta Xeral, por estar asinado por alguén sen titulación, pero non se contestaron. Votarán en contra.

O señor Lomba Alonso di que o BNG non vai apoiar a proposta, porque é o resultado do orzamento de 2011, e naquel orzamento foron moi críticos, pois non se basaba na realidade dos feitos, e a Conta Xeral así o reflicte. Houbo falta de seriedade na elaboración do orzamento e na Conta Xeral mírase hai falta de previsión. Di que o BNG actuará de xeito responsable, pois sabe que a Conta Xeral é fundamental para a obtención de subvencións.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que non apoiarán a proposta.

A señora Magallanes Álvarez di que quere aclarar que no prazo de exposición pública non se presentaron alegacións, pois antes e despois do prazo non se poden considerar alegacións, e se as houbera, tiñan que ser informadas e convocar Comisión de Contas. Di que non houbo alegacións.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde e Estévez Álvarez (sete votos en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace  
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre